



**Domingo
15
DECEMBRO**

Made in U.S.A.

Rafael Agulló, director convidado

12:00 h Teatro Principal

Concerto de Nadal

BMSC & Escolanía e Coro Cardenal Quiroga da Catedral

José Luis Vázquez, director coros

Casiano Mouriño, director

21:00 h Igrexa San Francisco

Traslado restos do Apóstolo

Casiano Mouriño, director

09:30 h Praza do Obradorio

Concerto de Reis

BMSC & Escolanía e Coro Cardenal Quiroga da Catedral

José Luis Vázquez, director coros

Casiano Mouriño, director

20:30 h Teatro Principal

**Luns
30
DECEMBRO**

**Sábado
04
XANEIRO**



facebook.com/BandaMunicipal
SantiagoCompostela/

twitter.com/BMSCompostela



COMPOSTELA Cultura
www.compostelacultural.gal
www.auditoriodegalicia.org

TEMPORADA 2019 / 2020

Ciclo de Outono

“En tempo cos ventos”



“Ballets e Danzas”

Henrie Adams, director convidado

Domingo 01 de decembro de 2019

12:00 h Teatro Principal

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA
Santiago de Compostela





Das danzas, bailes e ballets... a *New York, New York!*"

"As cancións e as danzas do folclore son indubablemente a alma da música, a orixe de toda a música" (Bernstein, 2003).

A pianista, divulgadora e docente **Coby Lankester** deu en vencellar a súa vida musical ao acompañamento do ballet. Orixinariamente concibida para piano, a obra abre e pecha cuns breves movementos dinámicos articulados baixo seccións drasticamente diferenciadas que contrastan coas intermedias. Ao segundo movemento, sustentado no vaivén do valse seguirá *Paon de Nuit*, máis lírico, onde uns distendidos metais sosteñen as harmonías sobre as que flúen as madeiras; antes de chegar a *Le Satyre*, histórico personaxe metade mediocridade, metade xocosidade.

Cunha sonoridade plenamente bandística, preséntasenos **Miquel Asíns Arbó**. Catro movementos estruturan esta obra de madurez deste compositor e director de bandas militares catalán e valenciano de adopción. A súa mestría reflíctese no tratamento das danzas cortesás elegantes, no caso do primeiro movemento, ou na alusión aos bailables procedentes de ultramar do segundo. Cun carácter máis lixeiro aparece o *Pardalero*, figura popular ambulante que vendía uns paxariños de barro e plumas de cores, que incluso podían emitir sons grazas a unha lengüeta de caña. Para pechar, outro persoeiro inexistente xa na actualidade, o *Sereno*, cunha música máis desenfadada e propia de locais de ocio nocturno.

O musical de Broadway *On the town* constitúe a secuela do ballet jazzístico *Fancy Free* e a posterior película protagonizada por Frank Sinatra e Gene Kelly, aínda que nesta última a música do xoven **Bernstein** pasaría a un segundo plano. Tres pezas son as que configuran esta obra: os sonhos de "O gran amante", o baile "Lonely Town" e finalmente o recoñecidísimo "New York, New York".

Pechan o programa dúas obras contrapostas: por un lado, o arranxo da obra presentada no Festival de Eurovisión do ano 1994 que tanto éxito lle reportou ao compositor irlandés **Bill Whelan**, autor do texto e da música baseada na tradición celta e, finalmente o encomiado **Alfred Reed** coa primeira parte das *Armenian dances*. O primeiro dos catro movementos, dividido en 5 seccións artelladas sobre a colección de cancións populares recollidas polo etnomusicólogo Komitas Vardapet.

TEMPORADA
2019 / 2020

Ciclo de Outono

PROGRAMA

I

Coby LANKESTER (1918-2002), Arr. J. de Meij
LES PAPPILLONS, Suite de Ballet (1985)

I. Petit Blanc du Chou. II. Le Belle Dame
III. Paon de Nuit. IV. Le Satyre
V. Le Grand Porte-Queue

Miguel ASINS ARBO (1916-1996)
BALLETS, (1991)

I. Ballet de Alfonso XIII. II. Ballet del Animalot
III. Ballet del Pardalero. IV. Ballet del Sereno

II

Leonard BERNSTEIN (1918 – 1990), Arr. M. Stih
THERE DANCE EPISODES FROM "ON THE TOWN" (1944)

I. The Great Lover. II. Lonely Town: Pas de Deux. III. Tome Square

Bill WHELAN (1950), Arr. G. Buitenhuis
RIVERDANCE, (1995)

Alfred REED (1921-2005)
ARMENIAN DANCES, Part 1 (1972)

Henrie Adams, naceu en Thorn (Holanda), estudou óboe e dirección no Conservatorio de Maastricht con Antón Kersjes, Lukas Vis e Pierre Kuipers.

Dirixiu como director titular, á orquestra de cámara "Sinfonietta" de Maastricht (1985-1989), e a Joven Orquesta de la Comunidad Valenciana (1992-1999). Como convidado, á Banda Sinfónica "Real" de La Haya, Banda Sinfónica "les Guides" de Bruselas, Banda Sinfónica Municipal de Madrid, Bandas Municipais de A Coruña, Alicante, Barcelona e as Orquestras Sinfónicas de Limburg, Valencia, Extremadura, Bilbao, Castellón, etc...

Impartiu como profesor, varios cursos de dirección de Orquestra e Banda en Madrid, Lalin, Tenerife, Buñol, Milán, Rotterdam etc..

No ano 1989 foi nombrado director titular da Banda Sinfónica e da Orquesta da Sociedad Musical "La Artística" de Buñol. En xullo do ano 2001 ganou ao fronte desta banda o título "Campeón Mundial" no W.M.C. de Kerkrade (Holanda) conseguindo a máxima puntuación na sección de concerto. A súa extensa discografía conta con máis de 40 CD's gravados con varias orquestras e bandas sinfónicas.

Dende xaneiro do 2014 ata finais do ano 2016 foi Director Adxunto da Banda Municipal de Barcelona. En xaneiro do ano 2008 foi nombrado Director Principal da Orquestra sinfónica de Castellón.